

Colaboración

A nosa (micro)toponimia: da memoria medieval á desmemoria futura?

MIGUEL GARCÍA-FERNÁNDEZ*

As veces, un non é consciente da riqueza que nos rodea até que nos distanciamos un pouco ou son os ollos dos demais os que nos axudan a vela. Neste sentido, gustaríame reivindicar nestas liñas a inmensa riqueza toponímica e, sobre todo, microtoponímica que temos ao noso redor. Quero facelo, sobre todo, a través dos nomes de lugares, lameiros, prados, carreiros ou pequenos accidentes orográficos que formaron parte do meu día a día desde cativo e que, agora, conforme pasa o tempo e cada vez queda máis lonxe a infancia, reaparecen non só no marco das conversas familiares –destaquemos o importante que é a transmisión da memoria oral intrafamiliar ou entre a veciñanza!–, senón tamén en relación ás miñas investigacións académicas (e en boa medida desde a distancia física da terra), especialmente no que atinxe á recuperación, estudo e edición dos pergamiños do mosteiro medieval de San Salvador de Sobrado de Trives no marco do proxecto “e-ASPAs. Edición dixital do patrimonio documental medieval do Arquivo de San Paio de Antealtares” (<https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=e-ASPAs>), codirixido xunto ao colega Ricardo Pichel.

Cando lemos os pergamiños medievais que custodiaron as monxas de Sobrado e que tantos datos nos aportan sobre a sociedade e a economía das mulleres e homes que habitaron a nosa terra séculos atrás, descubrimos como numerosos lugares nos que había leiras, viñas ou soutos que xestionaban as monxas bieitas son os mesmos que percorrín e coñecín durante a infancia. Daquela, o amor pola terra opera como un forte estímulo para seguir investigando sobre o noso pasado. Resulta emocionante ver que os casais de *Val de Quartas*, *Ousecende*, *Cerdeira*, *Alcouce* ou *Outeiro* que aparecen neses documentos de entre mil e cincocentos anos son

diferentes lugares da miña parroquia, Santa María Madalena de Cerdeira, concretamente O Ousecende, a zona do Acibeiro –onde aínda hoxe se conserva a referencia ao lugar de Alcouce–, a propia Cerdeira ou outros que perduran na microtoponimia e que, sen ter sido na miña memoria lugares de habitación, poden ser perfectamente localizados, caso do Val de Cuartas e Outeiro, grazas a unha tarefa fundamental como é preguntar na casa e, daquela, recibir por medio da memoria oral de meu pai o legado (micro)toponímico que, tras sobrevivir durante séculos, agora corre o risco de desaparecer se non preguntamos. Tamén sorprende gratamente que no chamado “Porto Escuro”, polo que pasamos os da casa case todos os días, é o mesmo lugar, así referido nun documento de 1490, no que o procurador dunha das últimas abadesas do mosteiro de Sobrado recibiu distintas propiedades para a súa representación –propiedades situadas en diferentes lugares da zona, desde a Torre Vella (Río) até Vimieiro (Castro Caldelas)–. E podería citar máis casos, pois son centos os (micro)topónimos citados nos documentos medievais de Sobrado que

aínda hoxe en día son recoñecibles na (micro)toponimia da nosa terra. Ese legado medieval, enriquecido

polo transmitido oralmente pola familia, é o mesmo que quixera que recibira Aldara, a miña sobriña,

CEDIDA

que representa a continuidade familiar desde o 2021. O seu propio nome evoca a herdanza medieval que enriquece a onomástica galega en xeral e a da zona en particular. Aldara foi o nome, por exemplo, da mai dunha María Pérez que recibiu un foro en Mendoia dunha das abadesas de Sobrado de Trives alá por 1325.

Pero se unha referencia toponímica me emocionou foi a contida no testamento de Fernán Eanes de Robreda, outorgado o 12 de febreiro de 1372. Nel faise referencia non só a propiedades en “Moÿroaás” ou “Río”, senón tamén ao “casar das Gÿstolas”. É, pois, a mención máis antiga que atopei ao meu lugar de nacemento e crianza, As Guístolas. Un lugar que no Catastro de Ensenada do século XVIII tiña tres casas habitadas, case o mesmo número que lembro durante case toda a infancia. Agora, cando naceu Aldara, xa só quedan dúas casas abertas e co risco de que o topónimo apenas sobrevivía, como en moitos outros casos, para denominar un lugar deshabitado. As incertezas sobre o futuro son desgraciadamente moitas, mais convén seguir recuperando a memoria medieval da nosa (micro)toponimia, actualizala coa memoria oral do presente (en todas as súas variantes, pois se no catastro actual, por exemplo,




temos O Xesteiro como nome dunha das nosas fincas, non convén esquecer que para nós é O Sisteiro) e, sobre todo, evitar a desmemoria futura. Faise urxente, pois, investigar, recompilar, coñecer e transmitir o noso riquísimo patrimonio (micro)toponímico.

De feito, máis alá da nosa terra e da miña experiencia persoal, Galicia constitúe no seu conxunto un territorio cunha riqueza (micro)toponímica inmensa. É preciso, pois, sermos conscientes diso e da inmensa responsabilidade colectiva que temos á hora de manter e salvagardar ese valioso patrimonio cultural, legándollo aos que nos seguirán. Neste sentido, o mellor antídoto contra o esquecemento está en rexistrar toda esta riqueza. Poñernos mans á obra mentres teñamos a ocasión de facelo, pois a desmemoria ameaza sen piedade, especialmente nestes tempos nos que todo muda con gran rapidez. Por iso, quixera destacar o proxecto “Galicia nomeada” (<https://galicianomeada.xunta.gal/sixtop/inicio>), a cuxo coordinador técnico, Vicente Feijoo Ares, tiven ocasión de escoitar nun congreso de estudos galegos celebrado en Varsovia no mes de setembro. Anímovos como cidadáns, como docentes, como estudantes, como amantes da nosa lingua e da nosa terra a visitar a devandita páxina electrónica e colaborar co proxecto, pois só entre todos será posible dar continuidade ao que perdurou ao longo dos séculos que nos separan da Idade Media (e incluso desde antes), pero que hoxe está en perigo de ser vítima da desmemoria máis absoluta; a derivada, en boa medida, da ruptura rápida duns modos de vida e de relación co territorio que se dilúen a ritmo acelerado.

De pergamiños medievais e da memoria oral vai a cousa, pero sobre todo vai do legado patrimonial que recibimos do pasado e que debemos transmitir ao futuro como mostra de amor pola terra.

* Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-XdG).



Testamento de Fernán Eanes de Robreda (1372), conservado no Arquivo de San Paio de Antealtares.